

CUESTIONARIO "NOVOS MATERIAIS"

NOME:Nº

1. As propiedades que son específica de cada substancia son...

- ☐ a. As propiedades xerais.
- ☐ b. As propiedades individuais.
- ☐ c. As propiedades características.

2. A masa e o volume son...

- ☐ a. Propiedades individuais.
- ☐ b. Propiedades xerais.
- ☐ c. Propiedades características.

3. A densidade e a flotabilidade son...

- ☐ a. Propiedades características.
- ☐ b. Propiedades individuais.
- ☐ c. Propiedades xerais.

4. Un corpo flotará na auga se a súa densidade é...

- ☐ a. Menor á que ten a auga que é 1gr/cm^3 .
- ☐ b. Maior á que ten a auga que é 1gr/cm^3 .
- ☐ c. Igual á que ten a auga que é 1gr/cm^3 .

5. Cando enchemos un globo de auga prodúcese...

- ☐ a. Un cambio físico irreversible.
- ☐ b. Un cambio físico reversible.
- ☐ c. Un cambio químico.

6. Cando explotamos un globo cheo de auga prodúcese...

- ☐ a. Un cambio físico reversible.
- ☐ b. Un cambio químico.
- ☐ c. Un cambio físico irreversible.

7. O paso dun corpo de estado gasoso a sólido sen pasar por líquido de chama...

- ☐ a. Oxidación.
- ☐ b. Sublimación.
- ☐ c. Sublimación inversa.

8. A oxidación é un...

- ☐ a. Cambio físicos reversible.
- ☐ b. Cambio químico.
- ☐ c. Cambio físicos irreversible.

9. Unha aliaxe é un caso particular de...

- ☐ a. Mestura homoxénea de metais.
- ☐ b. Mestura heteroxénea de metais.
- ☐ c. Disolución de metais.

10. O mellor método para separar un mestura homoxénea de dous líquidos é a...

- ☐ a. Destilación
- ☐ b. Imantación.
- ☐ c. Decantación

- 11. Os materiais obtidos sen a intervención humana son os...**
- ☐ a. Materiais naturais.
 - ☐ b. Materiais vexetais.
 - ☐ c. Materiais artificiais.
- 12. Algúns materiais naturais son...**
- ☐ a. Lousa, ouro e ferro.
 - ☐ b. Granito, ouro e diamantes.
 - ☐ c. Ferro, ouro e diamantes.
- 13. Un material artificial moi empregado na construción e na artesanía é...**
- ☐ a. A cerámica.
 - ☐ b. O papel.
 - ☐ c. O plástico.
- 14. Ten a propiedade de recuperar a súa forma orixinal se o quentamos...**
- ☐ a. Grafeno
 - ☐ b. Nitinol
 - ☐ c. PVA
- 15. Poderase empregar na fabricación de placas solares máis eficientes e baratas...**
- ☐ a. Nitinol
 - ☐ b. PVA
 - ☐ c. Grafeno
- 16. É un material que se desfai en contacto co auga...**
- ☐ a. Alcool etílico
 - ☐ b. Alcool polivinílico
 - ☐ c. Alcool metílico.
- 17. Nun centímetro da túa regra de clase entrarían...**
- ☐ a. 10 mil nanómetros.
 - ☐ b. 1000 nanómetros.
 - ☐ c. 10 millóns de nanómetros
- 18. Son materiais naturais de orixe animal...**
- ☐ a. A seda, a pel e o coiro.
 - ☐ b. A lá, a seda e a pel.
 - ☐ c. A e B son correctas.
- 19. O CIS é o...**
- ☐ a. Centro de Innovación e Servizos da Tecnoloxía e o Deseño de Ferrol.
 - ☐ b. Centro de Información e Seguridade e Deseño de Ferrol
 - ☐ c. Centro de Innovación e Servizos de Traballo e o Desenrolo de Ferrol.
- 20. Os primeiros materiais empregados polos humanos foron...**
- ☐ a. A pedra, a madeira e o óso.
 - ☐ b. A pedra, a madeira e o cobre.
 - ☐ c. A madeira, o óso e o bronce.

21. A palabra *polímero* ven de dúas palabras gregas como son...

- ☐ a. Poli (moitos) e Mero (parte).
- ☐ b. Poli (moitos) e Mero (significado).
- ☐ c. Poli (moitos) e Mero (uso).

22. Algúns polímeros de orixe natural son...

- ☐ a. O amidón (animal), a celulosa (vexetal) e o ADN.
- ☐ b. O amidón (vexetal), a celulosa (vexetal) e o ADN.
- ☐ c. O amidón (vexetal), a celulosa (animal) e o ADN.

23. Un homopolímero está formado por...

- ☐ a. Monómeros iguais.
- ☐ b. Heterómeros iguais.
- ☐ c. Copolímeros iguais.

24. Os polímeros que, ao quentalos, fúndense e pódense moldear de novo son os...

- ☐ a. Termoplásticos
- ☐ b. Termoestables.
- ☐ c. Elastómeros.

25. A baquelita, o material co que se fabrican os mangos dos cazos e tixolas, é un...

- ☐ a. Polímero termoplástico.
- ☐ b. Polímero termoestable.
- ☐ c. Polímero elastómero.

26. Os copolímeros son polímeros formados por...

- ☐ a. Por monómeros de dous ou máis tipos diferentes.
- ☐ b. Por homopolímeros do mesmo tipo.
- ☐ c. Por monómeros dun mesmo tipo.

27. A polimeración é...

- ☐ a. O proceso de separación dos polímeros.
- ☐ b. O proceso de unión de monómeros para formar polímeros.
- ☐ c. O proceso de unión dos polímeros para formar monómeros.

28. Na polimeración por adición...

- ☐ a. Cada monómeros se engade a outro monómero.
- ☐ b. Cada monómero que se engade perde unha molécula de auga.
- ☐ c. Cada monómero que se engade perde unha molécula de osíxeno.

29. O método máis empregado de polimeración dos homopolímeros é por...

- ☐ a. Evaporación.
- ☐ b. Adición.
- ☐ c. Condensación

30. O método máis empregado de polimeración dos copolímeros é por...

- ☐ a. Evaporación.
- ☐ b. Fusión
- ☐ c. Condensación.